

ORDENANZA FISCAL N° 9

Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo Servicio da Rede de Sumidoiros

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a "tasa por rede de sumidoiros", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º. - Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas se os vertidos se realizan a través de acometida á rede dende un inmovible.

c) A prestación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas se os vertidos fecais se realizan de forma esporádica sen enganche á rede dende un depósito móbil.

2. Non estarán suxeitas ás taxas as fincas derruidas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licenzia de acometida á rede, o propietario, o promotor, usufrutuário ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servicios do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do término municipal beneficiarias de ditos servicios, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

c) En caso de prestación de servicios do número 1.c) do artigo anterior, quen efectúe os vertidos.

2. En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servicio.

Artigo 4º. - Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38, 39 e 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. - Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licencia ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 95,00 euros.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servicios do apartado 1.b) do artigo 2º, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos consumida polo usuario.

A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

- 0,25 euros por metro cúbico, xa sexan de vertidos de auga depurados ou sen depurar.

En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable por subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

3. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servicios do apartado 1.c) do artigo 2º, determinarase en función dos metros cúbicos de capacidade da cisterna ou depósito móbil dende o que se realice o vertido, aplicándose a tarifa de 0,25 euros por metro cúbico.

A tal efecto, o suxeito pasivo deberá presenta-la documentación pertinente relativa ó volume do vertido no momento de solicita-la licencia.

Artigo 6º. - Beneficios fiscais.

Aplicarase unha bonificación do 100% sobre ó mínimo facturable a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas nas alíneas 2 e 3 do artigo 5º.

Artigo 7º. - Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, entendéndose iniciada a mesma:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenzia de acometida ou de vertido esporádico sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formúlase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal ou o efectivo vertido no suposto recollido no apartado 1.c) do artigo 2º. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenzia pertinente e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca no exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede.

Artigo 8º. - Declaración, liquidación e ingreso.

1. No caso de inmobles de nova construción, os promotores, ó tempo de solicita-la licenzia de obras, instarán tamén a autorización para realiza-las obras de acometida á rede xeral de sumidoiros, achegando xustificante de ter aboado a autoliquidación da cota a que se refire o apartado 1 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal.

2. Os propietarios, usufructuarios ou titulares de dominio útil dos inmobles que non sexan de nova construción, interesados na concesión de licenzia de acometida á rede de sumidoiros, virán obrigados a presenta-la correspondente solicitude de acometida, achegando xustificante de pagamento da autoliquidación a que se refire o apartado 1 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal.

3. Cando se presente solicitude de licencia para o vertido de fecais dende un depósito móbil ingresarase polo suxeito pasivo autoliquidación da cota a que se refire o apartado 3 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal.

4. Se se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederase a practicar liquidación, esixindo o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo da apertura do correspondiente expediente sancionador.

5. As solicitudes de baixas surtirán efectos a partir do trimestre seguinte ó da súa presentación.

6. Unha vez autorizada a acometida, o cobro da taxa realizarase trimestralmente, conxuntamente co da taxa por subministración de auga, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa aprobación do correspondente padrón aprobado polo órgano competente.

Neste caso os obrigados ó pagamento farán efectiva a súa débeda dentro do prazo comprendido dende o día en que se fai entrega do recibo á entidade bancaria colaboradora ata o último día do seguinte mes. As débedas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrinximento.

Artigo 9º. - Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.